

Compostela Aberta apoia a manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego en defensa da lingua galega, que partirá da Alameda de Santiago de Compostela o próximo domingo, día 8 de febreiro ás 12.00 do mediodía. Compostela Aberta anima a todas/os as/os compostelás/áns a participaren desta manifestación, pois consideramos que o galego se encontra nun momento de emerxencia e que precisa todo o noso apoio sen medias tintas. Neste comunicado, Compostela Aberta tamén quere puntualizar e explicar unha serie de aspectos:

- Compostela Aberta quere lembrar que a data escollida para este evento é simbólica, pois remite ao día 8 de febreiro de 2009, en que unha asociación contraria á normalización, promoción e defensa do galego se manifestou na capital galega baixo a falsa idea da "imposición do galego", dando inicio a unha campaña de desprestixio e persecución absoluta da lingua galega e da súa oficialidade.

- Compostela Aberta considera que estamos a vivir un momento de emerxencia social canto á situación do galego. Coñecemos ben a situación da lingua e sabemos que nas últimas décadas o número de falantes diminuíu drasticamente até situar o galego en serio risco de desaparición. Mais en Compostela Aberta non consideramos suficiente o facto de convocar manifestacións en defensa da lingua galega. Achamos que unha verdadeira dinámica para a mudanza social ten que ser continuada e non dependente de ciclos electorais, e sobre todo ten que ser consensuada. Un exemplo deste espírito de pacto social amplo pode ser o marco xurídico da Lei Valentín Paz-Andrade, aprobada por unanimidade no Parlamento galego en abril de 2014, que procura aproveitar as vantaxes do galego para o relacionamento cos países de lingua portuguesa, Polo tanto, consideramos fundamental a relación constante entre todos os

movementos sociais, asociacións, colectivos, organismos e entidades que defenden e reflexionan en torno ao galego. Os axentes culturais, económicos e políticos, xunto coa cidadanía debemos ser capaces de chegar a un entendemento para evitarmos a desaparición da lingua, detectarmos as súas potencialidades, elaborarmos unhas liñas estratéxicas e levalas a cabo mediante accións concretas e efectivas. Este é o reto e tamén o compromiso de Compostela Aberta.

- Compostela Aberta ten claro que a lingua galega representa un patrimonio de todas e todos os composteláns. Nese sentido, é motivo de orgullo sermos a cidade con maior número de falantes de todo o territorio galego e onde a promoción do idioma é vista con simpatía xeral polas persoas do noso concello, con independencia da lingua que falen habitualmente. A lingua galega ten un enorme potencial, que pode ser ligado á mellora da calidade de vida das persoas que a coñecen, facilitando a conexión coa potencia emerxente, cultural e económica, que representa o universo lusófono. Dunha forma complementaria, o galego e o castelán fan parte da nosa riqueza individual e, polo tanto, non renunciaremos a ningunha potencialidade como colectivo. En Compostela Aberta abordaremos sempre a cuestión da lingua en positivo, para todas e para todos. A capital galega non renunciará a ser a capital do galego.